



**DIRECCIÓN GENERAL DE ATENCIÓN A LAS VÍCTIMAS Y PROMOCIÓN
DE LA MEMORIA DEMOCRÁTICA**

Ministerio de Política Territorial y Memoria Democrática

Calle de San Bernardo, 45

28015 MADRID

Asunto:

Solicitud de incoación do procedemento para a declaración da Illa de San Simón como Lugar de Memoria Democrática, de acordo co establecido nos artigos 49 e 50 da Lei 20/2022 de 19 de outubro, de Memoria Democrática.

Xoán Carlos Garrido Couceiro, en calidade de Presidente da Asociación Cultural “Vagalumes” de Tabeirós-Terra de Montes” con NIF G94004199, e enderezo electrónico a efectos de notificación: coordinadora@iniciativagalegapolamemoria.com, no seu nome e tamén en representación das seguintes entidades, todas elas coordinadas e organizadas na Iniciativa Galega pola Memoria, e que a continuación se relacionan:

- Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica d’a Coruña (NIF G70026687).
- Asemblea Republicana de Vigo (NIF G36742351)
- Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica de Marín (ARMH deMarín — NIF G36580132)
- Asociación Cultural “Vagalumes” de Tabeirós-Terra de Montes (NIF G94004199)
- Fundación Alexandre Bóveda (NIF G36127918)
- Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo (NIF G70150065)
- Asociación Viguesa pola Memoria Histórica do 36. (NIF G36969855)
- Asociación Cultural Comisión pola Memoria “Sinhor Afranio “(NIF G6517894)
- Comité de Memoria Histórica da Comarca de Celanova (NIF G67889949)
- Agrupación Cultural Alexandre Bóveda (NIF G15036981)
- Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Barbanza (NIF G70348529)
- Fundación Luis Tilve (NIF G15169949)
- Asociación Amigos da República de Ourense (NIF G32318677)
- Agrupación Cultural O Facho (NIF G15037021)
- Asociación Cultural Memoria Histórica 28 de Agosto de Cangas (NIF G36522621)

- Asociación Cultural Alén Nós de Redondela (NIF G36306090)
- Asociación Lucenza-Ateneo de Nigrán (NIF G42724385)
- Asociación Cultural “Obradoiro da Historia” . Oroso. (NIF G5570-690)
- Asociación Agrupación Cultural O Galo de Santiago de Compostela (NIF G15055015)
- Asociación veciñal, cultural, deportiva e recreativa do Barrio da Agra do Orzán. A Coruña (NIF G5142052)
- Asociación Cultural Achádego Teatro (NIF G27112515)
- Asociación Cultura Aberta de Carral (NIF G15963630)
- Asociación Cultural e Teatral Abril de Lume e Ferro (NIF G15969264)
- Asociación Cultural Xérmolos (NIF G27014885)
- Asociación Cultural Eira Vella de Betanzos (NIF G15411283)
- Asociación Amigos de Johan Carballeira de Bueu (NIF G36274801)
- Teatro Akatro de Pontevedra (NIF G3620162)
- Asociación Pavís Pavós. Pontevedra (NIF G36280189)

EXPÓN que :

1.- As entidades asinantes, todas elas promotoras e difusoras da memoria democrática, promoven diante da dirección xeral competente, a incoación do procedemento para a declaración da Illa de San Simón como lugar de Memoria Democrática, de acordo co establecido nos artigos 49 e 50 da Lei 20/2022 de 19 de outubro, de Memoria Democrática.

I. DATOS SOBRE OS BENS OBXECTO DO EXPEDIENTE

1.- DENOMINACIÓN: Illas de San Simón e Santo Antonio.

2.- LOCALIZACIÓN:

Provincia: Pontevedra

Comarca: Vigo

Concello: Redondela

Parroquia: Cesantes

Delimitación cartográfica: 42°18'26" N e 8°37'43" O

3.- CIRCUNSTANCIAS RELEVANTES

Titularidade:

O arquipélago depende desde o 20 de Marzo de 1997 do Ministerio de Medio Ambiente, como dominio público marítimo-terrestre.

Unha Orde deste Ministerio outorga o 19 de setembro dese ano unha concesión demanial á Xunta para a realización de obras de rehabilitación do antigo edificio para centro de recuperación dos recursos mariños, retomando a Xunta o proceso de rehabilitación.

No BOE do 29/09/1999 publícase que a Xunta de Galicia declara as illas mediante o decreto 237/99 do 29 de xullo, Ben de Interese Cultural con categoría de Sitio Histórico.

As illas de San Simón e Santo Antonio son un excepcional enclave situado na enseada que conforma o fondo da ría de Vigo. Localizadas fronte á parroquia de Cesantes, no concello de Redondela, as illas foron desde a antigüidade testemuña directa da nosa historia e múltiples avatares e traxedias.

Sitio histórico:

O trobador Mendinho, no século XIII, dedicou a súa célebre cantiga da lírica profana galego-portuguesa medieval “*Sedía-m’ eu na ermida de San Simión*”. Diferentes comunidades relixiosas como templarios, franciscanos, pascualinos e beneditinos van atopar neste lugar un espazo de espiritualidade e retiro.

A finais de outubro de 1702 a Batalla de Rande, a cal tren lugar no contexto da Guerra de Sucesión entre a frota da armada anglo-neerlandesa, que ataca as naves hispano-francesas refuxiadas na enseada para se defenderen do asedio e descargaren a prata e produtos de valor traídos de América.

Século XIX. Establecemento dun Lazareto: O 6 de xuño de 1938 asínase unha Real Orde que decreta a súa construción, tendo en conta o primeiro andazo de cólera en Europa, 1832, e concretamente a súa chegada ao porto de Vigo e os seus arrabaldes o 20 de xaneiro de 1833, así como a epidemia rexistrada en Galiza en 1834. Na primavera de 1839 iníciáanse as obras, que rematan en 1842 e delas dependerá no futuro a configuración das illas, peiraos, ponte, edificacións, o subministro de servizos, pois todo se aproveitará na utilización que o século XX lle deparou. En 1853 pasará a ser propiedade exclusiva do Estado e estará en actividade entre 1942 e 1927, acollendo milleiros de doentes en situación de corentena fronte ás enfermidades infecto-contaxiosas da época contraídas polas tripulacións dos buques que procedían do océano Atlántico.

Foi ademais o espazo utilizado após o Golpe de Estado franquista de xullo de 1936 como campo de concentración, cárcere, lugar de tortura e asasinato aos presos republicanos durante os primeiros anos da represión franquista (setembro/outubro de 1936 até marzo de 1943).

4.- PRINCIPAL BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA:

-**Aillados: A memoria dos presos de 1936 na Illa de San Simón**, A. Caeiro, X. Gonzalez, C.Mª de Saá. (Ir Indo, 1995)

- **Aillados**. Documental, dir. Antón Caeiro (Buxo Producións, 2001)

- **Las islas de San Simón: aproximación a su historia**, José Antonio Orge Quinteiro. (Deputación de Pontevedra, 2001)

- **Catro anos a bordo dunha illa. Memoria dun preso en San Simón**, Evaristo Antonio Mosquera (A Nosa Terra, 2006)

- **As memorias de Manolo Barros, autobiografía dun militante comunista**. Ed. Gonzalo Amoedo López. (Fundación 10 de Marzo, 2006)

- **Episodios de terror: durante a Guerra Civil na provincia de Pontevedra. A illa de San Simón**, Gonzalo Amoedo López e Roberto Gil Moure (Xerais, 2007)

- **Illas de San Simón e San Antonio. A recuperación dun sitio histórico I. Historia e Memoria**.

Colaboracións: Jorge Guitián; Javier Lucaces Anca e Cristina Tosacano Novella; Antonio Caeiro, Juan A. González e Clara Mª de Saá; Xosé María Álvarez Cáccamo (Xunta de Galicia, 2008)

- **Cartas de un condenado a muerte**, José Mejuto Bernárdez (Alvarellos, 2015)

- **De cárcel en cárcel**, Diego San José (Renacimiento, 2016)

-**Non des a esquecemento. Relatos do xenocidio fascista en Galiza, da resistencia e da solidariedade**,

Luís Bará Torres (Instituto de Estudos Miñoráns, 2017)

-**<http://vitimas.nomesevoces.net>**. Proxecto de investigación interuniversitario responsabilidade da Universidade de Santiago de Compostela desde 2006.

II. A ILLA DE SAN SIMÓN COMO LUGAR DE MEMORIA DEMOCRÁTICA; XUSTIFICACIÓN PARA A DECLARACIÓN

O artigo 49 da Lei de Memoria Democrática (Lei 20/2022 de 19 de outubro de Memoria Democrática. BOE núm. 252, de 20/10/2022), establece que é *Lugar de Memoria Democrática* aquel espazo, inmovible, paraxe ou patrimonio cultural inmaterial ou intanxible no que se desenvolveron feitos de singular relevancia pola súa significación histórica, simbólica ou pola súa repercusión na memoria colectiva, vinculados á memoria democrática, a loita da cidadanía española polos seus dereitos e liberdades, a memoria das mulleres, así como coa represión e violencia sobre a poboación como consecuencia da resistencia ao golpe de estado de xullo de 1936, a Guerra, a Ditadura, o exilio e a loita pola recuperación e afondamento dos valores democráticos.

Entre as características mencionadas, procedemos a valorar as seguintes singularidades, as cales se atopan descritas na xustificación a seguir:

II.1. - Lugar vinculado á represión e violencia sobre a poboación:

Campo de concentración, prisión franquista e lugar de represión:



A singularidade da etapa do campo de concentración (1936-1943) posúe unha diferenza básica a respecto das outras épocas históricas anteriores, pois a súa memoria é permanente na Galiza contemporánea, segue viva, actuando na sociedade e sobre todo na lembranza traumática de centos de familias. O pasado histórico nestas illas, sendo relevante na contorna da ría de Vigo, non ten a dimensión e o significado do período en que as illas foron lugar de represión, cativerio, adoutramento, torturas, asasinato. Este simbolismo de San Simón fica perfectamente reflectido na carta enviada aos seus polo preso republicano de Cangas do Morrazo José Mejuto o 24 de maio de 1937, poucos días antes de ser fusilado:

“...Cuando seáis mayores y hagáis una visita a esta isla, no como yo la he hecho, a la fuerza y con las manos atadas, sino en plena libertad, recordad que allí ha estado vuestro padre. Que cada rincón de la isla es un recuerdo mío, que aquellos mirtos que forman un paseo, era lugar predilecto mío y en el que me entregaba a mis meditaciones. Que en él pasaba la mayor parte de las horas del día acariciando la esperanza de algún día ser libre para llevar a mi hogar la alegría perdida y volver a ser para vosotros y vivir para vosotros.”

- Lugar de represión:

Sen dúbida ningunha, a páxina máis negra da historia de San Simón marcarana os golpistas que en xullo de 1936 poñen fin na Galiza ao réxime democrático da IIª República e inician un período de represión durante os corenta anos seguintes. A partir de outubro do 36 San Simón converterase en cárcere nos que os sublevados reclúen a presos de todas as ideoloxías democráticas, na súa maior parte en situación preventiva, chegados nun primeiro momento da provincia de Pontevedra e toda a Galiza, e posteriormente de calquera parte do Estado español. A ditadura franquista imporá entre outubro de 1936 e marzo de 1943 unha localización de illamento político, unha cruenta e precaria prisión e o maior campo de concentración do país, pola que se calcula que pasaran cerca de seis milleiros de persoas.

“Como todo o mundo sabe, a Guerra Civil en Galicia tivo unhas características moi peculiares. Galicia non foi teatro de operacións, en Galicia non houbo campos de batalla nin trincheiras non houbo asaltos ás cidades nin bombardeos. Pero esta imaxe dunha Galicia liberada da Guerra Civil é unha imaxe absolutamente falsa: é dicir, Galicia padeceu, coma o resto de España, as consecuencias, pero nunha orde distinta, un nivel diferente. Os mortos en Galicia, á parte dos que Galicia achegou, diríamos, ó conxunto desta tremenda traxedia que durou tres anos é dicir, os mortos no campo de batalla, os prisioneiros que caeron noutros lugares e que encheron campos de concentración e de cadeas) estaban baseados, non nun accidente de que unha bala perdida na fronte acabara coa vida dunha persoa, senón na planificación dun odio que se sementou nas vilas, nas aldeas, que ía deixando os carreiros, as encostas e as estradas cheas de cadáveres e que ía sementando o terror entre a poboación.

Un punto importante na historia da represión que sufriu Galicia durante a Guerra Civil foi o que ocorreu na provincia de Pontevedra, concretamente na illa de San Simón, onde antigamente houbera un Lazareto”.

- Carlos Casares Mouriño. En Aillados. A memoria dos presos na Illa de San Simón, Ed. Ir Indo 1995 –

O xeneral Martínez Anido decide no verán de 1936 que San Simón sexa o cárcere a onde trasladar os detidos nas cadeas de Vigo, Frontón e Prisión de Vigo, e Pontevedra, Prisión Provincial e Escola Normal, foron os primeiros en ser trasladados a San Simón en setembro e outubro de 1936. Sacábanos dos calabozos e metíanos en camións sen rumbo coñecido. A primeira impresión facíalles pensar que esa sería a súa derradeira viaxe. Era unha práctica habitual dos falanxistas, militares e garda civil sacar os presos das cadeas e asasinalos en gabias, praias ou montes. A estas mortes violentas chamóuselles, dunha forma eufemística, “paseos”.

A prisión da illa de San Simón estaba conformada por dúas pequenas illas, San Simón e San Antonio. Unha ponte uníaas e o paso cara a San Antón estaba prohibido para os reclusos. A máis grande das illas, San Simón, era o lugar destinado a cadea; alí estaban os pavillóns nos que se amontoaban os presos, e tamén as cociñas, a enfermaría, a oficina da administración e mais o locutorio. Na máis pequena, San Antonio, estaba o cuartel da gornición militar encargada de custodiar os presos e mais o cemiterio.

Os pavillóns para os presidiarios estaban distribuídos como salas de hospital; esa era o orixe da edificación, e dentro de cada unha das estancias amontoábanse unha morea de homes. Cando as salas estaban cheas, chegaron a convivir máis de oitenta presos por cuarto; ocupábanse as escadas, cun convicto en cada chanzo. En cada edificio podían chegar a acumularse máis de oitocentos homes.

Ao longo do diámetro de San Simón dispúñanse seis grandes garitas de madeira, nas que se instalaban os militares. Dende elas controlaban todos os movementos dos confinados. Estas torretas foron instaladas na plataforma inferior da illa, ao pé dos edificios principais, así como sobre os fondeadoiros e as ramplas de acceso ao recinto.

A Fernando Lago Búa confíasele a primeira dirección do cárcere insular, cargo que compatibilizaba co de director xeral de Prisións da provincia de Pontevedra. Os presos van lembralo con alcumes como *O carnicero de San Simón* ou *O traficante de carne humana*, e é que Fernando Lago Búa, xunto co médico forense da prisión, Bustelo, e o tenente da Garda Civil Francisco Rodríguez, alcumado *O Rabioso*, levaron a cabo un macabro negocio dentro da propia illa entre agosto e novembro de 1936. A súa particular empresa era a de pór en liberdade algúns presos antes de chegarlles a notificación para ser xulgados, e como contrapartida esixíanlles o pago dunha cantidade de cartos que variaba segundo a posición económica da familia. Unha vez postos en liberdade, volvían ser detidos, e os que tiñan máis sorte, reingresaban na cadea; os máis eran asasinados en calquera gabia ou monte afastado.

Estas prácticas eran coñecidas polos alí confinados, polo que a situación de tensión e medo creada fixo insoportable a vida normalizada nos tres últimos meses de 1936.

Aqueles que non pasaran aínda diante dos tribunais militares estaban nas mans dos falanxistas ou dosgardas, e podían ser sacados en calquera momento, normalmente pola noite, e asasinados coa maior das impunidades. Os xa condenados tanto por Auxilio como por Adhesión ou por Rebelión Militar tiñan as súas vidas máis aseguradas, aínda que en ningún momento se vían liberados das arbitrariedades dos fascistas.

Uns trinta e cinco presos traballaban en tarefas administrativas e de servizo na illa, converténdose así nunha mestura entre funcionarios e presos. Os presos facían traballos forzosos dentro da illa, e incluso en diversas ocasións era obrigados a traballar pola recuperación da “nova España”, así dedicaron esta man de obra gratuíta, como escravos, para facer infraestruturas (estradas coma a de Santo Adrián de Cobres en Vilaboa, ou dentro da propia illa, a calzada que denominaron “Avenida de Teruel”, en conmemoración da caída nas mans do exército republicano desta capital aragonesa, o 8 de xaneiro de 1938), todo isto cuns medios técnicos mínimos.

A vida dentro da illa era dura e os medios dos que dispoñían moi escasos. O vestiario dos confinados era o mesmo que levaban cando foran detidos, ou o que as familias lles podían levar. As familias viaxaban quilómetros e quilómetros cara a Redondela e Cesantes coas poucas pertenzas que posuían e coa comida que podían acumular ao longo da semana. Aínda coas dificultades que supuña, os presos eran visitados de maneira máisou menos regular. Viaxaban un día enteiro, case sempre a pé, en tren ou en medios de transporte rudimentarios. Logo de pasar a enseada dende Cesantes en grandes lanchóns, varias familias xuntas e tendo que pagar unha peseta pola travesía, atopábanse cun pequeno peirao cara Cesantes, cun locutorio no que se comunicaban as familias cos presos.



A xente de Redondela, de Cesantes, nomeadamente as mulleres chamadas lavandeiras, sempre tivo unha tremenda solidariedade cos reclusos, tanto de San Simón como do barco-prisión varado a uns centenaes de metros, o Upo Mendi (a referencia ao barco está máis adiante) e, a pesar de que a guerra e a posguerra transportaban víveres e lavaban a roupa dos presos nun exercicio de colaboración extraordinario

Unha segunda fase de especial dureza comezou en abril de 1937 coa chegada do novo director da cadea, Carlos Hidalgo. Nesta etapa as illas comezaron a sufrir problemas de masificación co traslado de presos asturianos e vascos, unha vez que os fascistas tomaron a fronte norte do Estado.

Os fusilamentos dos que temos constancia de que se levaron a cabo na illa ocorreron coincidindo coa masificación de presos e ateigamento de San Simón cos homes da República, dos caídos do Norte. Unha madrugada, ás seis da mañá do verán de 1937, sete dos trinta e dous asturianos condenados a morte son sacados do pavillón onde pernoctaban para seren fusilados no paredón ao pé do osario da illa pequena. Os nomes dos fusilados eran José Álvarez García, de Xixón, Francisco Casal Sánchez, de La Felguera, Bernardino Fernández Vázquez, de Salas, Fermín García Álvarez, de Carbonera, José González Iglesias, de San Andrés de Linares, Isaías González Miguel, veciño de Olloniego, e Gregorio Mateos Marote, veciño de Navia. Estes fusilamentos serán presenciados por unha figura terrorífica difícil de esquecer para os presos: o Padre Petronilo Nieto, cura xesuíta. A súa imaxe era terrorífica e os seus sermóns humillantes no campo de alocucións eran temidos. Traía unha pistola ao cinto que non dubidaba en utilizar, e de feito dicíase que el persoalmente lles dera o tiro de graza a cada un dos asturianos.

Usáronse incluso cadeas flotantes e na enseada de San Simón vararon un buque-prisión, o *Upo Mendi*. Tentaron axustar o barco preto da illa, pero non foi posible, así que tiveron que fondear no medio da ría. A primeira intención era castigar os republicanos vascos e arredalos das súas familias, polo que nun primeiro momento este gran barco estaba ocupado ao cento por cento de homes do norte. Se dentro da illa as condicións hixiénicas e alimentarias eran pésimas, no *Upo Mendi* a situación era desesperante. Os alí confinados pasaban moita fame e o estado do barco facía que moitos tivesen que ser evacuados con graves doenzas, e incluso xa mortos. Vivían en condicións pésimas e os calabozos eran asbodegas; o barco enteiro estaba ademais pragado, infectado, de pulgas e roedores. Os máis de setecentos presos cos que contaba o buque estaban repartidos encatro bodegas, a enfermería e os distintos destinos. A comida e a bebida estaban racionadas. As condicións hixiénicas eran insoportables e, para colmo, algún gardián asaíábase cos presos. En outubro de 1937, coa chegada dun novo director, Claudio Pastor, a situación de ateigamento viuse agravada. O Upo

Mendi chegou a recluír nas súa adegas case 700 persoas e a pa maiores a poboación reclusa de San Simón ateigou a illa con máis de 1.200 reclusos.



O traslado destes novos homes tivo lugar por orde expresa do director xeral de Prisións, Máximo Cuervo Radigales, quen decidiu que o clima sería idóneo para os presos de maior idade de todo o Estado: “El clima, aunque húmedo, es sano y suave: reúne condiciones de aislamiento y espacio para el paseo de convalecientes, su vigilancia es fácil”. A decisión demostrou moi pronto ser un inmenso erro. “Se llevó a efecto una especie de central para ancianos en la isla de San Simón, en Galicia y allí trasladaron a unos centenares de viejos (...) y los tuvieron haciendo una vida de hambre y miseria, que aquello más parecía un lazareto y un ahí te pudras que otra cosa (...) Pocos sobrevivieron”. A escaseza de víveres levou moitos presos a alimentarse cos leiróns que atopaban na illa, o que provocou un grave brote de tifo. A mortandade entre os presos anciáns sufriu un incremento terrible, chegando en momentos concretos, e segundo algunhas fontes, ás 15 mortes diarias, entre suicidios e mortes naturais. Isto supuxo un grave problema, xa que non había espazo no cemiterio da illa e tíanos que sepultar noutros lugares, como o cemiterio de Pereiró, en Vigo. Logo de tres ou catro meses da chegada dos vellos, o problema do ateigamento na illa leva a trasladar os reclusos máis novos a outras cadeas do novo Estado. Algúns son trasladados a penais de Vitoria, Burgos, Astorga ou Pamplona, entre outras.




A partir de abril de 1939, coa chegada dun novo director, Constantino Cacho, houbo un incremento nos traslados a outros centros e na conmutación de penas, tendencia que se íría incrementando co paso dos meses e coa chegada dos novos directores, como D. Claudio Pastor (finais 1940), que xa ostentara o cargo en 1938 e que se encargou do traslado dos anciáns e do envío dos presos vascos a Camposantos; Camilo Rey (agosto 1940-febreiro 1941), e o Sr. Cuadrillero (setembro 1941-marzo 1943). Aínda así, en 1942 permanecían nas illas “máis de 1.500 condenados a longas penas”. Os últimos deles abandonaron San Simón a comezos de 1943.

- **Lugar de resistencia, loita democrática e solidariedade:**



Tal como xa referimos con anterioridade de forma sucinta debemos facer fincapé nos actos de democráticos de resistencia entre os reclusos na propia illa , pois amais nos simbolismo do chamado “paseo de Teruel”, que mostraba o compromiso republicano e a preocupación pola marcha da fronte de guerra, son de pór en destaque cuestións coma as obrigas a participaren nos oficios relixiosos e homilías confesionais católicos que se celebraban na illa, cando moitos dos prisioneiros eran agnósticos ou ateos e mesmo se negaban a comungar; os estridentes sermóns fascistas pronunciados polos directores da prisión no campo das alocucións, onde se lles obrigaba tamén a formaren militarmente, saudaren co brazo alzado e berraren “*Arriba España ou Viva España*”, aproveitado para contrapoñelo co tenue comentario saído nalgunha ocasión dos agraviados “*Viva Azaña*” (tal como cita o preso galeguista Evaristo Mosquera no seu libro biográfico *Catro anos a bordo dunha illa*).

Exercicios de solidariedade protagonizado polas persoas encarceradas como compartir os seus coñecementos e profesións para lles facer as vida máis fácil aos compañeiros, xa que alí se atopaban desde médicos ou profesores a barbeiros ou zapateiros, que se axudaban reciprocamente. Entre eles foi especialmente valorada a asistencia do doutro pontevedrés Celestino Poza, quen fora deputado socialista nas cortes, ao curar practicamente sen recursos a varios dos seus conxéneres dunha epidemia de tifo, o que non lembra a falta de hixiene, salubridade a atención sanitaria do penal, en numerosas ocasións sen a supervisión médica precisa e baixo os coidados de monxas nesas funcións.



O episodio de solidariedade máis sobranceiro fixérono as familias da contorna, nomeadamente mulleres de Cesantes, a coñecidas como “madrifñas”, que atenderon a moitos dos presos levándolles víveres, roupa ou facendo de enlaces entre as familias deles, residentes a centos de quilómetros de distancia, en calquera lugar do norte de Pontevedra, nas outras tres provincias galegas ou, coa chegada dos anciáns, do sur ou do levante do Estado.

A este uso seguiralle o de Albergue Nacional dedicado a estadias temporais de persoas mozas vinculadas coa Garda de Franco e o Frente de xuventudes. De feito, nun deses períodos vacacionais, o 22 de agosto de 1950, produciuse o naufraxio da lancha “Monchita”, con 43 membros falecidos dos 69 embarcados, o que determina a clausura definitiva do albergue.

En 1955 reábrese para constituír o Fogar Méndez Núñez dirixido a rapaces orfos de mariñeiros ou procedentes de familias cos escasos recursos, dependente do Auxilio Social de Redondela en réxime de cesión temporal por parte da Dirección Xeral de Sanidade, que permanecerá en actividade até 1963 como unha colonia na que conviven alumnado, mestres e persoal diverso. Co seu peche as illas caerán no abandono definitivo en termos de habitabilidade, o que provocará o esmorecemento e a ruína de todo o conxunto arquitectónico.

O 10 de setembro de 1958 organízase un acto na memoria dos falanxistas falecidos no naufraxio da “Monchita”, presidido polo ministro secretario xeral do Movemento, Solís Ruiz, con inauguración dun cruceiro conmemorativo instalado no illote das Cobreiras.

Logo da Orde ministerial do 9 de abril de 1963 que pecha do Fogar Méndez Núñez, as illas entrarán nun caótico proceso administrativo:

Cronoloxía dunhas illas deshabitadas:

O 25 de abril de 1966 fican inscritas do Rexistro da Propiedade de Vigo a nome da Dirección Xeral de Patrimonio do Estado, o que leva ao Pleno de Concello de Redondela a elevar unha protesta relacionado con esta inscrición. Posteriormente en decembro de 1972 o mesmo Concello solicítalle á Dirección Xeral do Instituto Xeográfico e Catastral a certificación sobre as propiedades das illas, a propia institución municipal publica no Boletín Oficial da Provincia, a 11 de febreiro de 1975, as normas subsidiarias do Plan urbanístico nas que se inclúen as illas, que serán recorridas nese mesmo ano polo Concello de Vigo, polo que o Concello de Redondela solicita ao Ministerio de Facenda a súa cesión para uso público, decisión adiada por se atoparen en situación de deslinde marítimo-terrestre. O 21 de decembro de 1981 unha resolución do Ministerio de Administración Territorial verifica a sentenza do Tribunal Supremo que declara a pertenza ao concello redondelán.

En 1986 a Subsecretaría da Mariña Mercante encárgalles aos arquitectos Xosé Bar Boo e César Portela un proxecto de rehabilitación das instalacións que inclúe unha escola de acuicultura, un instituto de estudos mariños e un museo do mar. En 1989 a enseada inclúese como espazo natural protexido nas Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento da provincia de Pontevedra, que se completa coa inclusión da ponte que une San Simón e

Santo Antonio, de estilo racionalista, no catálogo de patrimonio cultural da provincia publicado polo Diario Oficial de Galiza.

A partir de mediados dos 90 a Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galiza comeza a xestión para obter a concesión. O arquipélago depende desde o 20 de Marzo de 1997 do Ministerio de Medio Ambiente, como dominio público marítimo-terrestre. Unha Orde deste Ministerio outorga o 19 de setembro dese ano unha concesión demanial á Xunta para a realización de obras de rehabilitación do antigo edificio para centro de recuperación dos recursos mariños, retomando a Xunta o proceso de rehabilitación.

O espazo comezará a recuperar o seu pasado máis cultural ao conmemorar a Real Academia Galega, o Día das Letras Galegas, 17 de maio de 1998, dedicado aos trobadores medievais da ría de Vigo, organizarse o Congreso Internacional “O Mar das Cantigas”.


En 1999 a Xunta declara as illas mediante o decreto 237/99 Ben de Interese Cultural con categoría de Sitio Histórico e en 2001 empezan as xestións para integrar a enseada de San Simón como Lugar de Importancia Comunitaria na Rede Natura 2000. O 12 de xullo de 2001 unha nova Orde Ministerial modifica a concesión demanial outorgada á Xunta para que se poidan levar a cabo pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural as obras contidas no Plano Director das Illas de San Simón e Santo Antonio elaborado en 1998. O 2 de abril de 2004 declárase a enseada de San Simón como Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN)

A partir de xuño de 2005 e durante varias edicións anuais celébrase na illa a entre dos premios literarios *Xerais* e *Merlín*

II.2. - Lugar vinculado á memoria democrática e antifascista, a loita da cidadanía polos seus dereitos:

Antes de as illas seren obxecto do desenvolvemento dun programa de política pública da memoria realizado pola administración autonómica na lexislatura 2005- 2009, estas foron obxecto duns antecedentes que foron claves para comezar a pór en valor o resarcimento moral das vítimas da represión.

Nos anos oitenta (xuño de 1987), cando aínda a reivindicación era feble debido á incipiente democracia, logo dunha transición que non reparara estes actos represivos, o Concello de Redondela inaugura unha placa na entrada leste de San Simón como homenaxe ao horror sufrido, mais este detalle foi ocultado unha vez que a Xunta de Galicia toma man da illa e comeza coa reforma.



Posteriormente unha iniciativa particular de a principios dos noventa do século pasado, de Antón Caeiro e algúns compañeiros, autor de *Aillados. A memoria dos presos de San Simón*, que daría como resultado o Documental audiovisual do mesmo nome, embarcou unha vintena das persoas recluídas naquel tempo a unha viaxe de regreso a San Simón case cincuenta anos despois, remataron case co esmorecemento deste espazo, pois caería no desuso, no agocho e no descoñecemento xeral das novas xeracións ás que se lles impediu por anos o acceso a un lugar para ser contado.

O 8 de Abril de 2006 dáse abertura oficial ao Ano da Memoria por parte da Consellaría de Cultura e Deporte, no 70º aniversario do comezo da represión franquista. O 22 de xullo terá lugar a Homenaxe Nacional ás vítimas da represión, inaugúrase a exposición a illa da memoria, que posteriormente percorrerá numerosos puntos de Galiza. E terán continuidade nos vindeiros anos restantes desa lexislatura autonómica numerosas actividades de homenaxe ás vítimas da represión franquista e de recuperación da memoria da represión sufrida en San Simón. Actos divulgativos, presentacións de libros, visitas guiadas abertas ás asociacións memorialistas, culturais e veciñais, centros de ensinanza secundaria, etc. Pomos en destaque políticas públicas da memoria extractadas do ***Cartafol da Dignidade. A recuperación colectiva da memoria histórica***, publicado pola Xunta de Galiza en 2008:

O Ano de Memoria

O Ano da Memoria inaugúrase en San Simón:



O día 8 de abril do ano 2006 quedará marcado para sempre no calendario da recuperación da memoria histórica galega.

Nesa xornada a Illa de San Simón acollía a abertura oficial do Ano da Memoria. Centos de persoas entre as que destacaba a presenza de represaliados e represaliadas, familiares, representantes de asociacións de recuperación Xosé Neira Vilas, Salvador García-Bodaño, Xesús Rábade Paredes, Claudio Rodríguez Fer e Marga do Val dan lectura aos Poemas pola Memoria. da memoria histórica e cargos institucionais asistían a un acto histórico no que, por vez primeira, se lles rendía homenaxe ás vítimas nun dos lugares emblemáticos no que se exerceu a represión despois de 1936. A Consellería de Cultura e Deporte convertía así a Illa de San Simón en lugar de referencia para o Ano da Memoria. Especial relevancia tiveron nesa xornada o grupo de homes que lembraban aínda o seu tempo de presidio na illa. Ánxela Bugallo, Conselleira de Cultura e Deporte, dá abertura ao Ano da Memoria, manifestando o recoñecemento institucional na Illa da liberdade.



Foron, en boa parte, os protagonistas dunha xornada na que o preso do 36, Manuel Barros guiou as máis de catrocentas persoas que alí se congregaron por unha singular visita ao pasado da illa e da nosa historia. Boa parte dos asistentes pisaban por vez primeira a inmensa prisión que ocupa o territorio das dúas illas, a de San Simón e a pequena de Santo Antón. Eran fillos, netas, sobriños ou irmás de tantos homes e mulleres que foron asasinados, presos, perseguidos ou tiveron que marchar do país despois do golpe militar. A exiliada Mariví Villaverde converteuse na voz de todos e todas eles e deu

no seu discurso unha lección de dignidade, reclamando a recuperación da memoria histórica e a xustiza con todos e todas os que deron a súa vida pola defensa da liberdade e a xustiza. A Conselleira de Cultura e Deporte, Ánxela Bugallo, pechou a serie de intervencións antes de que centos de mans depositaran un caravel vermello no muro do cemiterio da illa de San Antón, lugar onde se celebraron fusilamentos.

Nunha intervención na que presentaba as liñas xerais do programa da Consellaría para o Ano da Memoria, Ánxela Bugallo formulaba un desexo que, abofé, acompañaba a todos os asistentes: “O noso silencio prolongouse máis do esperado. É tempo xa de poder falar, de pronunciar os seus nomes, de recoñecer a súa loita e a súa resistencia, de dicir que queremos saber a verdade, estamos no noso dereito e é tamén a nosa responsabilidade como goberno galego. Queremos render homenaxe. Todas as que sexan necesarias, non cansaremos nunca de facelo. Sabemos que a súa loita ben merece a nosa memoria”.

Poemas pola memoria

Son poemas que evocan directamente a memoria de Galicia, editados pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural para iniciar o Ano da Memoria. A compilación e a introdución corren por conta de Manuel Fernández Rodríguez, quen dividiu en tres partes os 78 poemas dos trinta e cinco autores galegos que integran esta antoloxía que reivindica a recuperación da memoria e o traballo da resistencia antifranquista:



Exposición A Illa da Memoria

A grandes liñas os paneis introdúcenos na dramática situación dos homes que penaron nesta Illa sufrindo as calamidades máis terribes. Esta exposición pretende ser unha homenaxe, un recoñecemento, a todos os homes,



mulleres, familias enteiras que sufriron a penuria da cadea de San Simón, as inxustizas e as persecucións dos fascistas. Cada panel mostra as etapas vitais dos presos políticos nas illas, así como o desenvolvemento do maior campo de concentración de Galiza, relatando aos poucos os episodios sobre a chegada, a incerteza, a vida dos reclusos, os asasinatos, a masificación, os traslados...

Precisamente do estudo e necesidade por difundir a historia do penal xurdiu a idea de itinerala polo territorio galego, pois como se ten lembrado en moitas ocasións, apenas hai parroquia en Galiza que no tempo dos acontecementos represivos do 36 non teña ouvido a inxusta historia desta cadea. É así como se recolle a idea de levar polo país enteiro, concretamente a máis de vinte vilas e cidades, a memoria de San Simón no formato audiovisual do documental *Aillados*, conxuntamente co testemuño de xentes diversas relacionadas co tema: encarcerados, viúvas, fillos e fillas desa brillante xeración tan maltratada.



Os actos comezaron o 22 de abril de 2006 en Pontevedra, proseguindo camiño por unha vintena de vilas e cidades: A Estrada, Silleda, Marín, O Grove, A Coruña, Ourense... até finalizar en Vigo a finais de xuño do mesmo ano. Máis de 2.500 persoas se emocionaron co filme, as intervencións, os testemuños e confesións desta caravana da memoria denominada **Cando Galiza era unha illa**, predecesora doutros grandes eventos tamén itinerantes.

Homenaxe Nacional ás vítimas da represión franquista

O Goberno Galego homenaxea ás vítimas da represión. A Consellería de Cultura e Deporte quixo que, en xullo de 2006, cando se cumprían setenta anos daquel verán no que a represión no noso país foi feroz se conmemorase unha grande homenaxe dirixida a todos

e todas os que sufriron aquela barbarie. Foron dous días de lembranza e homenaxe na Illa de San Simón no que a cultura e a memoria déronse a man nunhas xornadas inesquecíveis de emoción, poesía e música.



Durante os días 22 e 23 de xullo de 2006 miles de persoas pasaron pola Illa de San Simón, participando das xornadas de portas abertas nas que a actividade foi incesante. A mostra “A Illa da Memoria” comisariada por Antonio Caeiro, abría as súas portas nese día e entraba a formar parte dun programa que recollía tamén lírica medieval, recitados de poemas da memoria, música e danza.

O espazo que fora o máis grande presidio galego convertíase así en lugar de lembranza e homenaxe a todos e todas os que padeceron persecución, exilio ou morte a partir de 1936. A música, a palabra, a danza e a arte plástica ocuparon os espazos de infeliz lembranza de dor, medo e represión, evocando tamén ese tempo, como homenaxe aos milleiros de loitadores pola liberdade que abocaron á cadea neste presidio da ría de Vigo. Pero o acto central das dúas xornadas foi, sen dúbida ningunha, a grande homenaxe institucional que se lle tributaría o día 23 na Illa de San Simón a todos aos homes e mulleres que loitaron pola liberdade, a democracia e a xustiza. Foron eles os protagonistas dun acto no que se presentou tamén o Consello pola Memoria como órgano asesor da Consellería de Cultura e Deporte constituído por persoeiros que foron vítimas da represión, representantes de asociacións e investigadores, que pretende ser un instrumento de representación social que contribúe á recuperación da memoria histórica, colabora nos programas institucionais e impulsa novas iniciativas no eido da recuperación da memoria histórica para temas da recuperación da memoria histórica. A homenaxe de San

Simón significou un recoñecemento institucional necesario para todos e todas os que foran durante tantos anos apagados da nosa historia. Os edificios da Illa aparecían vestidos con grandes fotografías que rememoraban os presos que noutro tempo habitaran a illa. Á beira do cemiterio da Illa de San Simón quedou constancia permanente desta xornada nunha placa na que se pode ler: Aos homes e mulleres que loitaron pola liberdade, a democracia e os dereitos de Galiza.

Encontro Nacional da Memoria Histórica Homenaxe ao Exilio Galego:

Conmemoramos con esta xuntanza do 19 de xuño de 2008 outra homenaxe aos represaliados e represaliadas do 1936. Desta vez simbolizámolo na xente do exilio, nos transterrados e transterradas que deberon atravesar o Atlántico, os Pireneos, deixar a súa Terra por causa da sublevación militar. Neste acto contamos coa participación de Xosé Neira Vilas, quen nos introduce no exilio bonaerense e americano e coa especial presenza de catro mulleres, memoria constante da terríbel diáspora: Joaquina Dorado, Dora Carcaño, Silvia Mestre e Carmen Tagüeña, partícipes do programa “Mulleres con Memoria”

San Simón para sempre a illa da Memoria:

A illa do amor e illa da morte, illa dos amores para morte requisada, que nos evocara Valentín Paz Andrade é un espazo especialmente connotado pola lírica, mais tamén polo drama e por iso fixemos dela un lugar simbólico na recuperación da nosa memoria. O compromiso coa Illa de San Simón quedou patente ao convertela nun dos lugares de referencia na conmemoración e a lembranza da vontade ética e democrática de milleiros de cidadáns e cidadás exemplares que viron a súa vida truncada a partir de xullo de 1936. Deste xeito e para alén dos actos que se programaron durante estes últimos anos na propia illa, tamén se dinamizaron programas de visitas



guiadas para a transmisión e reflexión sobre esta negra historia. Por primeira vez e de xeito organizado, en setembro e outubro de 2006, dáse a oportunidade ao ámbito académico, asociativo e popular de coñecer este enclave da memoria. Multitude de cidadáns, procedentes de asociacións culturais e da memoria e concellos, acoden a esta primeira achega didáctica sobre o lugar nunha cantidade de 1.600 persoas, que se incrementou coas visitas para escolares e as xornadas de portas abertas do verán de 2007 con outras 4.000.

A memoria na escola

Invitación aos Centros de Ensino ás actividades da memoria o coñecemento da nosa historia e a posta en valor dos valores do respecto e a tolerancia e organizáronse entre os meses de marzo e maio de 2007, visitas guiadas á illa de San Simón. A demanda foi acollida en alta estima por 36 centros do segundo ciclo de ensino secundario, bacharelato ou ciclos profesionais, con aproximadamente 2.000 participantes.

Xa que logo, a intención institucional en torno a San Simón foi en definitiva, retribuír o tempo ido, mais non esquecido, recuperar o antigo, mais non perdido e devolver a estas illas a dignidade silenciada, pois como ten escrito o poeta Xosé M^a Álvarez Cáccamo:

“Estas illas son unha novela da novela histórica, lembranza do horror pero tamén evocación de vida heroica e de paixón solidaria e de soños de liberdade universal”

II.3. - Lugar onde se desenvolveron feitos de singular relevancia, pola súa significación histórica, simbólica, ou pola súa repercusión na memoria colectiva.

O período institucional de conservación, divulgación e recoñecemento nas illas complementouse coa creación da Fundación Illa de San Simón en febreiro de 2007 cos seguintes principios reitores:

a) Desenvolver actividades culturais e educativas primordialmente relacionadas co mar, mediante a organización de congresos, cursos e seminarios nas illas de San Simón e Santo Antón, declaradas ben de interese cultural coa categoría de sitio histórico por Decreto 237/1999, do 29 de xullo.

b) Conservar e xestionar as instalacións e edificacións das illas de San Simón e Santo Antonio.

c) Potenciar os valores naturais, culturais e paisaxísticos das illas de San Simón e Santo Antonio

d) Fomentar o deporte da vela, mediante a organización dunha escola que contribúa á súa difusión e promoción.

e) Impulsar a investigación, en especial a orientada ao mundo do mar e da memoria histórica.

A Fundación Illa de San Simón foi clasificada por Orde do 10 de abril de 2007 da Consellería de Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza como fundación de interese cultural, adscribíndoa á Consellería de Cultura, quen exerce o protectorado sobre a mesma e declarada fundación de interese galego por Orde do 24 de abril de 2007 da Consellería de Cultura e Deporte, pódose en marcha cun padroado integrado por representantes da Xunta de Galiza e das tres Universidades galegas.

As primeiras actividades foron realizar xornadas abertas á cidadanía para o coñecemento do sitio histórico, prestando especial atención ao período represivo da ditadura, nas cales participaron milleiros de persoas (só unhas 25.000 de xullo a outubro de 2007), con continuidade en anos sucesivos até que en decembro de 2012, logo de cinco anos de existencia, o novo goberno da Xunta de Galiza a eliminou e con ela todo o rastro de recuperación da memoria que se estaba a levar a cabo nas illas.

<https://www.farodevigo.es/comarcas/2012/12/06/xunta-elimina-fundacion-illa-san-17569105.html>

<https://praza.gal/cultura/a-fundacion-illa-de-san-simon-xa-e-historia>

Da Illa da memoria á Illa do esquecemento:

Após o esmorecemento das políticas públicas da memoria postas en marcha na illa foi a sociedade civil organizada quen desde 2010, coa chegada ao executivo galego do Presidente Alberto Núñez Feijóo, ten que coller as rédeas da autoxestión da actividade de verdade, xustiza, reparación e garantías de non repetición en San Simón.

A través da Iniciativa galega pola Memoria, rede que integra a práctica totalidade das asociacións de memoria histórica do país, realízase a organización da Homenaxe Nacional ás vítimas da represión franquista de xeito ininterrompido unha vez por ano no domingo máis achegado ao 18 de xullo. En todas estas edicións os colectivos contan coa únicas disposición dos responsábeis institucionais para dar o permiso de acceso a 500 persoas como máximo, asumindo soamente a embarcación e a sonorización para facer o evento, sendo apenas isto o único orzamento (3.000 euros exactamente), o que a Xunta inviste na recuperación da memoria na illa.

As cidadanía convocadas pola IGM achégase á illa coas asociacións da súa zona de Galiza para lembrar, honrar e reivindicar a memoria do que alí aconteceu, denunciar en cada edicións o abuso aos dereitos humanos básicos que supón a displicencia e desleixo sobre estes temas e a demanda de converter este sitio nun lugar da memoria.

Baixo premisas semellantes tamén se teñen sumado diversas colaboracións institucionais da Deputación de Pontevedra (anos 2015-2023) e o propio Concello de Redondela, pois tamén teñen organizado accións nesa liña.

<https://metropolitano.gal/que-hacer/redondela-recupera-la-memoria-de-san-simon-con-visitas-a-la-isla-que-fue-campo-de-concentracion/>

<https://arquivos.depo.gal/documents/885401/1442941/Regreso-A-Illa-De-San-Simon.pdf/c083a3f2-b812-463b-940f-740f81ac1839>

Este espazo insular é na actualidade un valor patrimonial, ambiental e esencialmente, un recurso da nosa memoria histórica democrática común, o que as leva ao nomeamento simbólico e recoñecido por toda a sociedade galega como a illa da memoria, que se ve luxada logo da intervención rehabilitadora da administración autonómica durante máis de trinta anos, con actividades de todo tipo, predominando en moitos dos casos as de lecer e tempo libre, sen aparente criterio, que acabou por converter a illa nunha atracción turística, con claros intereses lucrativos, que desbota e oculta a súa realidade histórica, perverten e vulgarizan os valores humanos, históricos e pedagóxicos de difundir o que alí aconteceu, tal como se pode

observar nas dispares actividades que teñen lugar agochando a auténtica realidade, presente na memoria colectiva e popular, investigada e ficcionada a través de numerosas expresións culturais, que contribúen a abandonar un proxecto formalizado de memoria democrática para San Simón e Santo Antonio, baseado na súa historia, na educación e na cultura.

Deste modo, accións como buscas do tesouro, concertos masivos, celebración de eventos festivos ou visitas organizadas polas diferentes navieiras da ría de Vigo que apenas informan do período carcerario franquista, confirmado todo isto pola actitude da propia Consellaría de Cultura de Galiza que autodenomina eufemisticamente San Simón como espazo de creación e illa do pensamento, prescindindo practicamente das referencias ao campo de concentración, prisión e xestionando o lugar sen o rigor e respecto que deberían ter este ben histórico-cultural.

Debido ás cuestións mencionadas e para protexelo e impedir a banalización da historia ea mercantilización deste lugar tan decebido de recoñecemento durante tampo tampo pola cidadanía, e tan singular para o imaxinario colectivo da sociedade galega, se fai fundamental a declaración como lugar de memoria.

Por todo o anteriormente exposto, **SOLICÍTASE** desta Dirección General de Atención a las Víctimas y Promoción de la Memoria Democrática a incoación de expediente para a declaración da Illa de San Simón como Lugar de Memoria Democrática, conforme ao artigo 50 da Lei 20/2022, de 19 de outubro, de Memoria Democrática.

Redondela, a 16 de xullo de 2024

Asdo./ Xoán Carlos Garrido Couceiro

Presidente da Asociación Cultural “Vagalumes” de Tabeirós-Terra de Montes”, en nome e representación das entidades que figuran relacionadas no presente escrito baixo a coordinación da plataforma Iniciativa Galega pola Memoria (IGM)

Anexo I. Arquivo da prensa dixital de homenaxe e reivindicación das asociacións da memoria histórica na Illa de San Simón.

https://elpais.com/diario/2010/07/19/galicia/1279534696_850215.html#

<https://www.elmundo.es/elmundo/2011/07/18/galicia/1310991609.html>

https://www.eldiario.es/desalambre/memoria-historica_1_5754537.html

<https://praza.gal/movimentos-sociais/a-memoria-reconquista-san-simon-80-anos-despois-do-golpe>

<https://xornaldevigo.gal/vigo-e-contorna/73260-a-illa-de-san-simon-rende-homenaxe-as-vitimas-do-franquismo-co-foco-na-loita-das-mulleres/>

<https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/reivindican-san-simon-como-illa-da-memoria/20210718183414125645.html>

<https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/necesidade-politicas-publicas-da-memoria-centra-hoxe-san-simon-homenaxe-nacional-vitimas-da-represion-franquista/20230715095922173354.html>

<https://www.galiciaconfidencial.com/noticia/245454-denuncian-xunta-colabora-nunhas-xornadas-papel-san-simon-illa-memoria>

<https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/san-simon-memoria/20231119114006182747.html>

Anexo II. Selección webgráfica de actividades desenvolvidas que non gardan relación cos valores fundamentais dun lugar da memoria:

<https://festival.sins.al/es/festival/sinsal-son-estrella-galicia-2024/informacion>

<https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/cea-festa-samain-illa-da-morte/20191024211301085835.html>

<https://www.nosdiario.gal/articulo/memoria/dasasdasd/20191025194936085891.html>

<https://www.radioredondela.com/2019/10/31/cancelan-a-festa-de-samain-na-illa-de-san-simon/>

<https://www.barafundaanimacion.com/campamento-pirata-na-illa-de-san-simon/>

<https://www.eldiario.es/galicia/xunta-galicia-patrocina-semana-yoga-antiguo-campo>

concentracion-franquista_130_8334796.html

<https://www.piratasdenabia.com/isla-de-san-simon/>

<https://www.mardeons.es/blog/paseo-en-barco-isla-de-san-simon-naviera-mar-de-ons/>

<https://www.facebook.com/photo/?fbid=2011578985638646&set=a.209741025822460>

<https://www.vigopeques.com/isla-de-san-simon-illa-do-pensamento/>


<https://www.illadesansimon.org/pensamento.php>

Anexo III. Imaxes actividades banalizadoras e mercantilizadoras dos usos de San Simón



Yoga & Brunch Illa San Simón

SÁBADO 14 O DOMINGO 15
DE AGOSTO
11.30 - 18.30



Coste: 55 euros
 Todo incluído: barco, comida, clases y entrada a illa.
 Plazas muy limitadas.
 hello@rawyoga.es
 678 805 640

QUERES FACER IOGA e PILATES NA ILLA DE SAN SIMÓN?

Tes unha cita o próximo **sábado 1 de xuño**
 Saída dende Vigo (Est. Marítima): 10:15
 Regreso dende San Simón: 14:00



A actividade tamén inclúe:
 Unha **ruta guiada** pola illa.
 Un **petisco** ao finalizar as actividades.

27€



Organizan:  **OBRIGATORIO RESERVAR**  Colabora: 